



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Primeiro trimestre de 2020

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Primeiro trimestre de 2020

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 0,3% no primeiro trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España o aumento foi do 0,8%. O custo laboral total en Galicia é de 2.324,66 euros, 245,66 euros inferior á media nacional (2.570,32 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 1,8% no primeiro trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 0,7%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.693,32 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.889,78 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta o 4,0% en Galicia no primeiro trimestre do ano e o 4,8% en España.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Castilla - La Mancha e Navarra.
- A xornada semanal media pactada é de 34,5 horas semanais en Galicia e de 34,2 horas en España.


| Custo laboral. Primeiro trimestre de 2020 | | | |
|---|--|----------|-----------------|
| Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| 0,3 | Custo total | 2.324,66 | 0,3 |
| 1,3 | Custo salarial total | 1.693,32 | 1,8 |
| | Outros custos | 631,34 | -3,6 |
| 0,1 | Cotizacións obrigatorias | 583,76 | 0,5 |
| -1,2 | Percepcións non salariais | 56,16 | -32,2 |
| 0,0 | Subvencións e bonificacións⁽¹⁾ | 8,58 | -0,2 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.324,66 euros no primeiro trimestre de 2020, co que aumenta un 0,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 0,8% e supera en 245,66 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O menor crecemento neste trimestre en comparación aos últimos trimestres ven motivado principalmente pola diminución na actividade provocada pola declaración do estado de alarma na segunda quincena de marzo.

O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.693,32 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 1,8%. En España, o custo salarial aumenta un 0,7%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 1,6% en Galicia, acadando os 1.565,84 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.694,25 euros, cun incremento do 0,9% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 631,34 euros en Galicia, co que diminúen un 3,6%; en España aumentan un 1,0%, ata os 680,54 euros. O descenso dos Outros custos en Galicia ven motivado pola redución das percepcións non salariais nun 32,2%.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total diminúe na construción e nos servizos mentres que aumenta na industria.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 3,2% debido principalmente ao incremento do 3,5% do Custo salarial total. Os Outros custos crecen un 2,4%, cun incremento das cotizacións obrigatorias (1,9%) e das percepcións non salariais (10,6%).

| INDUSTRIA. Primeiro trimestre de 2020 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| 3,2 | Custo total | 2.886,4 | 3,2 |
| 2,6 | Custo salarial total | 2.111,6 | 3,5 |
| 0,5 | Outros custos | 774,8 | 2,4 |
| 0,2 | Cotizacións obrigatorias | 716,2 | 1,9 |
| 0,0 | Percepcións non salariais | 67,1 | 10,6 |
| | Subvencións e bonificacións⁽¹⁾ | 8,6 | 18,7 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 1,3% do Custo total na **Construción** ven motivado tanto polo Custo salarial total (-1,0%) como polos Outros custos (-1,9%). Diminúen as cotizacións obrigatorias (-1,0%) e as percepcións non salariais (-6,1%).

| CONSTRUCCIÓN. Primeiro trimestre de 2020 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| -1,3 | Custo total | 2.502,9 | -1,3 |
| -0,6 | Custo salarial total | 1.681,4 | -1,0 |
| -0,3 | Outros custos | 821,6 | -1,9 |
| -0,3 | Cotizacións obrigatorias | 693,9 | -1,0 |
| 0,0 | Percepcións non salariais | 132,9 | -6,1 |
| | Subvencións e bonificacións⁽¹⁾ | 5,3 | 16,2 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 0,3%. O Custo salarial total crece un 1,7% mentres que diminúen os Outros custos un 5,3% pola redución nun 43,5% das percepcións non salariais.

| SERVIZOS. Primeiro trimestre de 2020 | | | |
|---|--|---------|-----------------|
| Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes | | Euros | Taxa interanual |
| -0,3 | Custo total | 2.175,8 | -0,3 |
| 1,2 | Custo salarial total | 1.595,5 | 1,7 |
| | Outros custos | 580,3 | -5,3 |
| 0,1 | Cotizacións obrigatorias | 542,5 | 0,5 |
| -1,6 | Percepcións non salariais | 46,6 | -43,5 |
| 0,0 | Subvencións e bonificacións⁽¹⁾ | 8,9 | -4,7 |

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 310 euros á media nacional; na Construción a diferenza é menor, en torno aos 30 euros.

3. Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2020, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,5 horas semanais, e destas, pérdense 5,0 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,2 horas, das que se perden 4,7 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,7 horas semanais en Galicia e no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 4,0% e en España o 4,8%.


| Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2020 | | |
|--|-------------|-----------------|
| | Euros | Taxa interanual |
| Galicia | | |
| Custo laboral total | 18,0 | 4,0 |
| Custo salarial total | 13,1 | 5,6 |
| Outros custos | 4,9 | -0,2 |
| España | | |
| Custo laboral total | 19,9 | 4,8 |
| Custo salarial total | 14,7 | 4,7 |
| Outros custos | 5,3 | 5,2 |

Fonte: INE

O descenso do número de horas efectivas debido á redución da actividade no segundo trimestre de marzo pola pandemia do COVID-19 motiva un maior aumento do custo laboral por hora que do custo total.

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 1,3% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional en case a mesma cantidade.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Castilla – La Mancha (3,1%) e Navarra (2,4%). As comunidades con descenso do custo laboral foron Cataluña (-2,3%), Canarias (-0,7%), Aragón (-0,5%) e La Rioja (-0,4%).

Custo laboral total. 1º trimestre de 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2020

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|-----------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Galicia | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 2.324,66 | 0,3 | 2.886,40 | 3,2 | 2.502,92 | -1,3 | 2.175,75 | -0,3 |
| Custo salarial total | 1.693,32 | 1,8 | 2.111,63 | 3,5 | 1.681,36 | -1,0 | 1.595,49 | 1,7 |
| Custo salarial ordinario | 1.565,84 | 1,6 | 1.873,25 | 3,5 | 1.653,77 | 1,9 | 1.485,22 | 1,1 |
| Outros custos | 631,34 | -3,6 | 774,77 | 2,4 | 821,56 | -1,9 | 580,26 | -5,3 |
| Cotizacións obrigatorias | 583,76 | 0,5 | 716,23 | 1,9 | 693,90 | -1,0 | 542,50 | 0,5 |
| Percepcións non salariais | 56,16 | -32,2 | 67,11 | 10,6 | 132,91 | -6,1 | 46,64 | -43,5 |
| Subvencións e bonificacións | 8,58 | -0,2 | 8,57 | 18,7 | 5,25 | 16,2 | 8,88 | -4,7 |
| España | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 2.570,32 | 0,8 | 3.039,95 | 0,3 | 2.535,24 | 0,8 | 2.489,44 | 0,9 |
| Custo salarial total | 1.889,78 | 0,7 | 2.217,62 | 0,2 | 1.747,81 | 0,2 | 1.842,39 | 0,9 |
| Custo salarial ordinario | 1.694,25 | 0,9 | 1.953,11 | 0,5 | 1.641,38 | 0,7 | 1.652,25 | 1,0 |
| Outros custos | 680,54 | 1,0 | 822,33 | 0,7 | 787,43 | 2,2 | 647,05 | 0,9 |
| Cotizacións obrigatorias | 623,82 | 1,3 | 754,26 | 0,5 | 703,14 | 1,4 | 594,47 | 1,6 |
| Percepcións non salariais | 67,39 | -3,2 | 77,13 | 3,5 | 91,00 | 7,8 | 63,84 | -5,6 |
| Subvencións e bonificacións | 10,66 | -4,7 | 9,06 | 7,1 | 6,71 | -8,8 | 11,26 | -5,9 |

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2020

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|----------------------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-----------------|
| | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual | Euros | Taxa interanual |
| Galicia | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 18,0 | 4,0 | 20,1 | 5,7 | 17,7 | 3,5 | 17,5 | 3,6 |
| Custo salarial total | 13,1 | 5,6 | 14,7 | 6,1 | 11,9 | 3,8 | 12,8 | 5,6 |
| Custo salarial ordinario | 12,1 | 5,3 | 13,0 | 6,1 | 11,7 | 6,9 | 11,9 | 5,0 |
| Outros custos | 4,9 | -0,2 | 5,4 | 4,9 | 5,8 | 2,7 | 4,7 | -1,5 |
| España | | | | | | | | |
| Custo laboral total | 19,9 | 4,8 | 21,4 | 4,4 | 17,3 | 4,0 | 19,9 | 5,0 |
| Custo salarial total | 14,7 | 4,7 | 15,6 | 4,2 | 11,9 | 3,4 | 14,7 | 5,1 |
| Custo salarial ordinario | 13,1 | 5,0 | 13,7 | 4,6 | 11,2 | 3,8 | 13,2 | 5,1 |
| Outros custos | 5,3 | 5,2 | 5,8 | 4,9 | 5,4 | 5,5 | 5,2 | 4,9 |

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Primeiro trimestre de 2020

| | Total | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|-----------------|-----------------------|
| | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas | Horas efectivas | Horas non traballadas |
| Galicia | | | | | | | | |
| Ambas xornadas | 29,7 | 5,0 | 33,1 | 5,6 | 32,6 | 5,9 | 28,7 | 4,8 |
| Tempo completo | 33,5 | 5,6 | 33,1 | 5,8 | 33,4 | 6,0 | 33,4 | 5,4 |
| Tempo parcial | 16,0 | 2,9 | 22,1 | 3,4 | 16,3 | 2,9 | 15,4 | 2,8 |
| España | | | | | | | | |
| Ambas xornadas | 29,7 | 4,7 | 32,7 | 5,1 | 33,7 | 4,4 | 28,8 | 4,7 |
| Tempo completo | 33,6 | 5,3 | 34,1 | 5,4 | 34,9 | 4,6 | 33,4 | 5,4 |
| Tempo parcial | 16,9 | 2,9 | 18,3 | 2,5 | 18,4 | 2,2 | 16,8 | 3,0 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Primeiro trimestre de 2020

| | Custo laboral por traballador e mes | | | Custo laboral por hora efectiva | | |
|----------------------|-------------------------------------|-----------------|-----------------|---------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual |
| España | 2.570,3 | 101,1 | 0,8 | 19,9 | 100,8 | 4,8 |
| Andalucía | 2.263,3 | 98,8 | 2,3 | 17,8 | 99,0 | 5,2 |
| Aragón | 2.395,2 | 99,2 | -0,5 | 18,8 | 98,1 | 2,0 |
| Asturias | 2.600,2 | 101,1 | 0,0 | 20,3 | 99,9 | 3,5 |
| Balears, Illes | 2.450,4 | 102,9 | 1,1 | 19,3 | 108,2 | 7,6 |
| Canarias | 2.171,9 | 100,5 | -0,7 | 17,0 | 103,0 | 7,0 |
| Cantabria | 2.437,9 | 100,3 | 1,5 | 18,6 | 100,3 | 6,0 |
| Castilla y León | 2.287,6 | 98,4 | 0,4 | 18,0 | 97,3 | 3,4 |
| Castilla-La Mancha | 2.280,3 | 100,9 | 3,1 | 17,8 | 100,6 | 7,5 |
| Cataluña | 2.680,9 | 99,6 | -2,3 | 20,8 | 99,3 | 3,6 |
| Comunitat Valenciana | 2.325,5 | 102,7 | 1,6 | 18,4 | 103,3 | 6,7 |
| Extremadura | 2.072,7 | 98,8 | 2,3 | 16,2 | 97,2 | 4,6 |
| Galicia | 2.324,7 | 103,4 | 0,3 | 18,0 | 103,5 | 4,0 |
| Madrid | 3.123,9 | 103,8 | 2,3 | 23,1 | 102,0 | 4,4 |
| Murcia | 2.249,8 | 97,1 | 1,9 | 17,5 | 97,6 | 4,2 |
| Navarra | 2.763,2 | 104,1 | 2,4 | 21,7 | 100,8 | 5,3 |
| País Vasco | 3.017,5 | 102,4 | 2,1 | 24,4 | 100,5 | 6,5 |
| Rioja, La | 2.274,0 | 97,2 | -0,4 | 17,6 | 94,9 | 3,5 |

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Primeiro trimestre de 2020

| | Custo salarial por traballador e mes | | | Custo salarial por hora efectiva | | |
|----------------------|--------------------------------------|-----------------|-----------------|----------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual |
| España | 1.889,8 | 99,6 | 0,7 | 14,7 | 99,3 | 4,7 |
| Andalucía | 1.643,8 | 96,9 | 2,1 | 12,9 | 97,1 | 5,0 |
| Aragón | 1.726,5 | 96,3 | -1,5 | 13,6 | 95,2 | 0,9 |
| Asturias | 1.910,0 | 98,9 | -0,3 | 14,9 | 97,8 | 3,3 |
| Balears, Illes | 1.795,1 | 102,0 | 1,3 | 14,2 | 107,3 | 7,8 |
| Canarias | 1.565,2 | 98,4 | -1,8 | 12,3 | 100,9 | 5,8 |
| Cantabria | 1.745,4 | 96,6 | 0,0 | 13,3 | 96,5 | 4,5 |
| Castilla y León | 1.667,6 | 97,1 | 0,2 | 13,1 | 95,9 | 3,1 |
| Castilla-La Mancha | 1.651,6 | 98,9 | 3,4 | 12,9 | 98,5 | 7,8 |
| Cataluña | 1.968,5 | 97,6 | -2,5 | 15,3 | 97,4 | 3,5 |
| Comunitat Valenciana | 1.704,7 | 101,2 | 2,1 | 13,5 | 101,8 | 7,2 |
| Extremadura | 1.494,8 | 96,0 | 1,6 | 11,7 | 94,4 | 3,9 |
| Galicia | 1.693,3 | 102,3 | 1,8 | 13,1 | 102,5 | 5,6 |
| Madrid | 2.361,7 | 103,6 | 2,2 | 17,5 | 101,8 | 4,4 |
| Murcia | 1.628,2 | 94,4 | 1,7 | 12,7 | 94,8 | 3,9 |
| Navarra | 2.006,1 | 102,1 | 1,8 | 15,7 | 98,9 | 4,9 |
| País Vasco | 2.199,7 | 99,8 | 1,8 | 17,8 | 98,0 | 6,2 |
| Rioja, La | 1.659,4 | 94,7 | 0,4 | 12,8 | 92,5 | 4,3 |

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Primeiro trimestre de 2020

| | Outros custos por traballador e mes | | | Outros custos por hora efectiva | | |
|----------------------|-------------------------------------|-----------------|-----------------|---------------------------------|-----------------|-----------------|
| | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual | Euros | Índice 2016=100 | Taxa interanual |
| España | 680,5 | 105,7 | 1,0 | 5,3 | 105,4 | 5,2 |
| Andalucía | 619,6 | 104,2 | 2,8 | 4,9 | 104,5 | 5,6 |
| Aragón | 668,7 | 107,5 | 2,2 | 5,3 | 106,5 | 4,8 |
| Asturias | 690,3 | 107,5 | 0,8 | 5,4 | 106,1 | 4,1 |
| Balears, Illes | 655,4 | 105,2 | 0,6 | 5,2 | 110,9 | 7,0 |
| Canarias | 606,6 | 106,3 | 2,3 | 4,8 | 108,9 | 10,2 |
| Cantabria | 692,4 | 111,4 | 5,3 | 5,3 | 111,2 | 10,0 |
| Castilla y León | 620,0 | 102,4 | 1,1 | 4,9 | 101,2 | 4,1 |
| Castilla-La Mancha | 628,7 | 106,6 | 2,2 | 4,9 | 106,5 | 7,0 |
| Cataluña | 712,4 | 105,7 | -2,0 | 5,5 | 105,1 | 3,9 |
| Comunitat Valenciana | 620,8 | 107,0 | 0,4 | 4,9 | 107,5 | 5,4 |
| Extremadura | 578,0 | 107,0 | 4,1 | 4,5 | 105,3 | 6,3 |
| Galicia | 631,3 | 106,4 | -3,6 | 4,9 | 106,3 | -0,2 |
| Madrid | 762,1 | 104,5 | 2,4 | 5,7 | 102,7 | 4,6 |
| Murcia | 621,6 | 104,9 | 2,4 | 4,9 | 105,4 | 4,8 |
| Navarra | 757,0 | 109,8 | 3,7 | 5,9 | 106,5 | 6,6 |
| País Vasco | 817,9 | 109,9 | 2,9 | 6,6 | 107,8 | 7,3 |
| Rioja, La | 614,6 | 104,5 | -2,6 | 4,8 | 101,9 | 1,3 |

Fonte: INE